

## Asemblea de Marzo de Proxecto Cárcere

Data: Luns 17 de Marzo

Horario: 20:45 a 22:45

Asisten: Pepe, Patxi, Javi, Tono, Laura, Manuel Monge, Xose Lois Martinez e Mariola

### 1. Jail Art

Valoración positiva da clausura do Villatuerto e inauguración no Mentireiro. Estará neste último ata o 14 de Abril.

Valórase levala ao IES Urbana Lugris: Javi falará co seu contacto ali onde quedará por 3 ou 4 semanas.

Podemos facer unha actividade participativa cos estudantes. Ex: levar o parchis do cárcere e explicar brevemente o que é PC.

Outros espazos para levar a expo poden ser: **Colexio Vitor Lopez Seoane** (no barrio detrás do cárcere). Contacto Noa Caamaño. Mellor despois do verán, agora xa teñen o curso programado. Suxeriu facer unha actividade coas crianzas: facer postais; presentación de PC á Anpa, etc. Outros espazos: **IES Sardiñeira. Forum Metropolitano:** Durante o verán.

### 2. Red Transiberica

**LUGAR:** Decidimos A Normal porque nos ofrecen as mellores condicións. Confirmar datas, horarios e espazos que poderemos utilizar (Laura e Tono)

Programación:

	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
MAÑÁ		Traballo Red	Asemblea Red
COMIDA			
TARDE	Recepción dxs que van chegando	Traballo Red	Feche encontro
CEA			
NOITE	Actividade convivio	Actividade convivio	
?		Visita-acción cárcere	

Venres: chegada dxs inscritxs (60 persoas aprox). Cea e actividade de convivio (ex: música).

Sábado: Reunións de traballo. Comida. Visita-Acción no cárcere. Cea. Actividade de convivio (ex: teatro).

Domingo: Asemblea Red Transiberica (30 persoas aprox). Comida. Feche e despedida. Valoramos as actividades de convivio na Normal, dependendo do horario de uso do espazo, e no Bar Baba, próximo á Normal.

**PROGRAMA ENCONTRO:** O tema do encontro versará sobre a recuperación de espazos. Valórase traer ao catedrático Xosé Ramón Alonso. O programa elaborao a Red e nós podemos facer as nosas achegas.

**ACTIVIDADES DE CONVIVIO:** Serán parte da programación do encontro. Oportunidade da Red coñecer a artistas locais e coñecerse xente da Red, colectivos, persoas afíns,

PC, etc. falamos de convidar a xente afín a PC como Gonçalo, Manicómicos, etc; espazos como a Casa Tomada, Entremuros, La Linterna... Habería que definir que se fai o venres e que o sábado e onde.

**VISITA-ACCIÓN NO CÁRCERE:** Sería un acto público para que a Red coñecera o noso “espazo” e dar apoio público a PC. Facer rolda de prensa ali. Probabelmente o Sábado. Definir exactamente o que imos facer, horarios, transporte, etc. Valorar bus privado ou transporte público, bicis, bus público...

**COMIDA:** Precisamos cubrir ceas do venres e sábado, comidas do sábado e domingo, e cafés-aperitivos durante o día. De ser na Normal o catering precisaria de facer a comida, traer utensílios (pratos, vasos..). Pedir orzamento a Millo e Landras/Zoca (Mariola) e a algunha outra opción (Leira Longa, restaurante próximo...). Pensamos num prezo entre 5 e 10 euros por persoa por comida. Cafés?

**ALOXAMENTO:** Procurar aloxamento próximo. Alberto ofertou unha lista de aloxamentos. Pedir a lista de Cuac FM que van facer o seu encontro tamén na Normal. Carmen tamén tiña información.

**INFORMACIÓN:** Cando comezamos a convidar a xente afín ao encontro? Xa podemos ir falando a nivel mais persoal e comezar a facer unha lista de posibles convidadxs. O convite mais definido unha vez teñamos o programa. Tamén entonces facer a estratexia de prensa.

**COMUNICACIÓN COA RED:** Laura e Tono levan este tema. Próxima reunión Skype o luns.

**GRUPO COORDINADOR PC:** Documento compartido onde ir poñendo info. Precisamos dunha reunión e maior concretización. Probabelmente a próxima semana despois da reu skype do luns.

PROGRESO DAS TAREFAS DE ORGANIZACIÓN DO ENCONTRO RED TRANSIBERICA		
DEFININDO (persoas específicas encargadas)	COMEZANDO A DEFINIR (a debatir no grupo)	SEN DEFINIR
LUGAR	ALOXAMENTO	TRANSPORTE
COMIDA	ACTIVIDADES DE CONVIVO	PRENSA
COMUNICACIÓN COA RED TRANSIBERICA	PROGRAMA	INFORMACIÓN/CONVITES
GRUPO COORDINADOR	VISITA-ACCIÓN CÁRCERE	

### 3. Coruña Baleira

Faltan por facer os cartaces e distribuir estratexicamente. Laura imprimirá por volta de 30 dependendo do prezo. A convocatoria creou expectación e xa foron chegando fotos. Chamaron de Onda Cero e Radio Coruña e apareceu en varios xornais. Farase unha presentación das imaxes despois do 13 de Maio. Pensamos mellor facela antes ou despois do Encontro da Red. Podería ser no formato de debate integrando diferentes visións e alternativas sobre o tema. Posibilidade de que Xose Lois Martinez participase no debate.

#### 4. Mercadiño Barrio das Flores

Será o Domingo 6 de Abril. Mariola inscribirá a PC e confirmará horarios. Tono comprará os 5 kg de comida. Temos que procurar cousas para vender (roupa, libros, obxectos que non utilizemos...). Levar camisolas e info de PC.

QUENDAS PARA O MERCADINO	
MAÑÁ	TARDE
Tono	Laura
Mariola	Javi
Laura ?	Mariola ?
Monge	

#### 5. Accións a curto prazo

Komando cárcere pensou nunha acción para abril facendo unha parodia da atitude do concello perante o cárcere. Iriamos como obreirxs a derrubar o cárcere. Podíamos levar as camisolas de Pc, cascos, ferramentas (de plástico...), planos, cartaz de licencia de derrube asinado polo concello/siep, encintar o cárcere... o obxectivo é facer unha acción sinxela como denuncia ao estado do cárcere. Iremos creando grupo com persoas afíns para asegurármonos un mínimo no día da acción, polo menos 20 persoas. Mariola falou com Zoca e están con vontade de colaborar. A convocatória aberta sería unha ou dúas semanas antes do día. Podería ser unha acción de 12 a 14 e despois comer xuntxs nos arredores. Pensamos no domingo 27 de Abril. Enviar info á comisión pola memoria histórica para que reserven ese día para PC. Pepe faría o tema de notificación.

#### 6. Varios

- Fran Quiroga do mancomún contactou con PC para propoñer unha xornada baixo o tema "O cárcere mancomunado". Parécenos interesante e quedamos de falar con el mais especificamente sobre a proposta.
- Falamos brevemente sobre as subvencións. Non parece que haxa un rexeitamento por ideoloxía mas por falta de tempo e interés no proceso administrativo que requiren.

#### DEBATE ABERTO

Realizamos un debate aberto durante a asemblea sobre as posibilidades de interacción entre a convocatória de Coruña Baleira, o traballo de PC e sectores afíns e críticos da UDC, especificamente arquitectura. Falamos do interés e importancia de visibilizar esa Coruña poética que desaparece ante os nosos ollos, utilizando a denuncia e os factos mais negativos para construír novas realidades mais positivas e propostas propias de futuro común.

Queda pendente para outra ocasión o debate sobre o futuro do cárcere e PC, e no caso, sobre aspectos concretos do tema subvencións.